

RELACIÓN Nº 1

Sección 18. Ministerio de Educación e Ciencia.
Servizo 02. Programa 321M.

Euros 2008.

-Capítulo I: gastos de persoal.

Total capítulo I: 6.301,36.

-Capítulo II: gastos correntes en bens e servizos.

Total capítulo II: 977,24.

Total custo sección 18: 7.278,60.

Sección 22. Ministerio de Administracións Públicas.
Servizo 01. Programa 921P.

Euros 2008.

-Capítulo I: gastos de persoal.

Total Capítulo I: 16.054,64.

-Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos.

Total Capítulo II: 3.967,19.

-Capítulo VI: Investimentos.

Total Capítulo VI: 1.949,66.

Total custo sección 22 21.971,49.

Total custo efectivo.

Custo Sección 18. Ministerio de Educación e
Ciencia: 7.278,60 €.

Custo Sección 22. Ministerio de Administracións
Públicas: 21.971,49 €.

Créditos afectados polo traspaso: 29.250,09 €.

A deducir:

Recadación ingresos por taxa 079 (ano 2007):
18.489 €.

Total custo efectivo neto: 10.761,09 €.

ANEXO I

Modelo de credencial e as súas características.

Modelo de credencial. Na credencial deberán figurar, polo menos en castelán (alternativa –en texto bilingüe, nun só documento redactado en castelán e na lingua oficial da Comunidade) os seguintes datos:

-Nome, nacionalidade e data de nacemento do interesado.

-Título ou estudos estranxeiros que se homologan ou validan.

-País de orixe dos estudos.

-Título ou estudos españois cos que homologan ou validan.

-Data de concesión da homologación.

As características técnicas básicas dos soportes para a expedición de credenciais serán as seguintes:

-Expediranse sobre soporte de papel celulósico tamaño UNE A-4 de 100 gr/m², exento de branqueante óptico, con fibras invisibles de resposta á luz ultravioleta, tomando como referencia, no que sexan aplicables, as especificacións contidas no Real decreto 733/1995, do 5 de maio, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE
E DO BENESTAR

Orde do 18 de xullo de 2008 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas destinadas á realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.23º atribúe á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

O Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, no seu artigo 1 atribúe á devandita vicepresidencia a competencia en materia de benestar social, inclusión social e servizos comunitarios, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia.

Coa realización desta convocatoria preténdese favorecer os estudantes con dificultades económicas durante o desenvolvemento dos seus estudos universitarios, de formación profesional de grao superior e os licenciados universitarios que estean a realizar estudos de doutoramento, así coma os técnicos superiores de formación profesional, ao mesmo tempo que acadan experiencia no eido educativo e asistencial nos centros de atención de menores que se relacionan no anexo II desta orde.

No Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 16/2007, de 26 de decembro, de

orxamentos xerais da Comunidade galega para o ano 2008, establécense os requisitos e as normas necesarias e básicas para a xestión e actividade económico-financiera, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orxamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2008, destínase para este fin un crédito de 24.150 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.312B.481.0, que figura cunha dotación económica de 233.905 € nos estados de gastos do orzamento para o ano 2008 (DOG nº 251, do 31 de decembro). O compromiso plurianual adquirido para os exercicios 2008-2009 ascende a un total de 49.350 € distribuídos no exercicio corrente 24.150 € e no exercicio 2009 25.200 €.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto da convocatoria.*

Proceder á convocatoria de 35 bolsas para a realización de prácticas durante o curso escolar 2008-2009 nos centros de internado de menores dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, segundo o número e distribución que figura no anexo II desta orde, mediante o procedemento de concorrencia competitiva.

Artigo 2º.-*Condicións dos solicitantes.*

Son requisitos para participar na convocatoria os seguintes:

a) Ser español/a ou nacional de calquera país membro da Unión Europea, legalmente establecido en España e con residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Non ter cumpridos os 25 anos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

c) Estar cursando ou ter rematados os estudos universitarios ou de formación profesional de grao superior de psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, mestres de educación primaria ou educación física, traballo social, educación social, técnicos superiores en animación sociocultural, animación de actividades físicas e deportivas e integración social.

d) Non ter aproveitado en anteriores convocatorias estas bolsas ou outras similares durante un período de máis dun ano.

e) Non padecer defecto físico que impida o desenvolvemento normal da actividade do centro.

Artigo 3º.-*Solicitudes.*

1. Os interesados deberán cubrir a solicitude que figura no anexo I, optando soamente por centro/s

dunha mesma provincia; poden remitila ou presentala na delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar que corresponda ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A presentación da solicitude de axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, para acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos establecidos nesta orde.

Xunto coa solicitude presentarán, así mesmo, os seguintes documentos:

a) Orixinal ou fotocopia compulsada do expediente académico.

b) Xustificación de ingresos da unidade familiar: dúas últimas nóminas, certificación positiva ou negativa de percepción da prestación económica do Inem e xustificación doutros ingresos familiares, se é o caso.

c) Proxecto sobre un obradoiro para realizar cos menores dos centros que se soliciten.

d) Fotocopia compulsada da matrícula en facultades, escolas universitarias ou centros de formación profesional e/ou do título que acredite os estudos realizados.

e) Acreditación, se é o caso, das solicitudes efectuadas ou da concesión destas, ou similares bolsas, en anos anteriores de acordo co disposto no artigo 2 letra d) desta orde.

f) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade do solicitante ou da tarxeta de residencia en réxime comunitario no suposto de nacionais da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo legalmente establecidos en España.

g) Certificado médico que acredite non padecer defecto físico que impida o desenvolvemento normal da actividade do centro.

h) Declaración de non realizar actividades profesionais remuneradas por conta propia ou allea, nin recibir bolsas equiparables ás da presente convocatoria.

3. O prazo de presentación de solicitudes será un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, os interesados disporán dun prazo de dez días para emendar calquera falta ou xuntar os documentos preceptivos nos termos que establece o artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4º.-Dereitos dos adxudicatarios.

A concesión da bolsa comporta para o/a bolseiro/a:

a) Aloxamento e mantenza gratuítos no centro desde o comezo das prácticas. O aloxamento será de tal xeito que lle permita o/a bolseiro/a a normal realización dos seus estudos.

b) A asunción pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar dos gastos seguintes:

-Custos de matrícula de estudos universitarios ou de formación profesional, ou nun curso de doutoramento, posgraou ou mestrado, ata un importe de 210 euros, logo de xustificación.

-Custos pola adquisición de libros relacionados cos estudos cursados, ata un importe de 120 euros, logo de xustificación.

c) A asunción pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de ata 120 euros/mes durante nove meses en concepto de bolsa, logo de xustificación polo director do centro da realización das prácticas nos meses correspondentes.

d) A obtención, unha vez rematada a estadía no centro, dun diploma acreditativo das prácticas realizadas, que lles será entregado polo/a delegado/a provincial da Vicepresidencia, logo do informe favorable do director do centro.

e) A solicitude ás universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, no caso de seren alumnos delas, do recoñecemento de 2 créditos de libre elección curricular.

Para o recoñecemento destes créditos, os alumnos deberán presentar nas universidades que lles correspondan a seguinte documentación:

-Diploma ou certificación acreditativa da superación das prácticas realizadas.

-Unha memoria da actividade realizada no centro.

Estes créditos recoñeceranse como de libre configuración curricular, sen que sexa posible superar os límites que para estes efectos establecen os correspondentes plans de estudos.

Artigo 5º.-Obrigas dos adxudicatarios.

A condición de bolseiro obriga o adxudicatario o seguinte:

a) A realizar as tarefas encomendadas pola dirección do centro e que esta considere acordes coa natureza da bolsa en horario de actividade extraescolar. Estas deberanse realizar de tal xeito que resulten compatibles co aproveitamento académico do propio bolseiro. Estes contarán co asesoramento e orientación dun titor encargado de coordinar, definir e dirixir as tarefas do bolseiro, papel que será desempeñado polo director do centro onde estean a realizar as ditas prácticas.

b) A gardar absoluta confidencialidade sobre a documentación, datos persoais e familiares a que teñan acceso como consecuencia das actividades levadas a cabo nas unidades en que realicen as prácticas consonte o previsto na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e da adolescencia, e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

c) Non facer públicos de ningún xeito e, por suposto, en ningún medio de comunicación público ou privado, agás que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar o autorice expresamente, os datos obtidos ou observados de que se teña constancia por medio das prácticas realizadas, relativos ás diferentes materias xurídico-administrativas referentes aos centros (funcionamento, actividades, programas, persoal, etc.) que se puidesen coñecer e utilizar en traballos de natureza académica.

d) A presentar unha memoria da actividade realizada no centro ao termo do período de prácticas e estadía no centro, que será remitida á delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da provincia onde radique o centro en que o bolseiro teña desenvolvido as prácticas.

e) Realizar unha declaración de conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas polo mesmo concepto das distintas administracións públicas competentes.

f) Todas as demais obrigas que se establecen no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 14.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A concesión e desfrute dunha bolsa non suporá vinculación contractual ou estatutaria ningunha entre o bolseiro e o centro a que quede adscrito, nin implica por parte do organismo receptor ningún compromiso en canto á posterior incorporación do interesado ao cadro de persoal deste, aínda que si a necesaria e natural coordinación co horario, coas normas e coa disciplina do centro onde realiza a súa formación.

Artigo 6º.-Duración das prácticas.

A duración das prácticas e, por tanto, as estadías nos centros dos adxudicatarios das bolsas, será do 1 de outubro de 2008 a 30 de xuño de 2009.

Artigo 7º.-Procedemento para a avaliación das solicitudes.

Para a adxudicación das bolsas procederase da seguinte maneira:

1. Constituirase unha comisión por cada provincia onde se sitúen os centros, presidida polo respectivo xefe do Servizo de Persoas Maiores, Persoas con Discapacidade e Menores, e actuarán como vogais, un funcionario designado polo delegado provincial e

os directores dos centros que deban recibir os bolseiros.

2. A dita comisión examinará as solicitudes presentadas, valorando no seu conxunto os seguintes datos:

a) Expediente académico relativo á formación exigida (de 0 a 6 puntos).

b) Situación económica da unidade familiar (de 0 a 10 puntos).

c) Grao de coñecemento do idioma galego:

-Iniciación ao galego.

-Perfeccionamento do galego.

-Outros cursos, estudos ou titulacións de galego.

Só se lle concederá validez, no que se refire á acreditación do coñecemento do galego, aos cursos, estudos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Presidencia da Xunta de Galicia (de 0 a 4 puntos)

A puntuación máxima será de 20 puntos.

3. A comisión competente confeccionará unha lista, por orde de preferencia, das solicitudes recibidas para cada centro, e elevaralle a correspondente proposta de resolución ao delegado provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar no prazo máximo de quince días, contados a partir do remate do prazo de presentación das instancias.

Se algún solicitante for seleccionado para máis dun centro, seralle comunicada tal circunstancia, para que nun prazo non superior a 10 días desde a data de comunicación, opte por un dos centros en que foi seleccionado.

Artigo 8º.-Resolución.

1. Por delegación da competencia do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, a resolución corresponde ao delegado provincial da Vicepresidencia que a ditará logo da fiscalización da Intervención, comunicándoa tanto aos centros como a todos os solicitantes. O prazo máximo para resolver será de 3 meses contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de non existir resolución expresa, transcorrido o prazo, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interporse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, ante o mesmo órgano que as ditou, ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados, así mesmo, desde a data da notificación.

A resolución establecerá os bolseiros adxudicatarios e suplentes por orde de puntuación. Estes últimos serán chamados automaticamente e pola orde establecida, cando por algunha circunstancia algún dos adxudicatarios non reunir os requisitos e condicións exigidas, non puider formalizar a aceptación da bolsa ou, unha vez iniciadas as actividades, non continuar na execución delas.

Excepcionalmente, e por causas de índole académica debidamente xustificadas e que serán ponderadas pola Comisión Provincial de Valoración, como pode ser o traslado de matrícula a outra universidade, o aspirante poderá solicitar, en caso de que sexa posible, a realización das prácticas en centros doutras provincias.

2. Os seleccionados terán un prazo de 10 días desde a notificación da concesión da bolsa para acreditar a domiciliación bancaria, para os efectos do pagamento e para achegar unha declaración responsable de non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas, de non ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións, e de non estar incurso nas demais circunstancias que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións ao abeiro do establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, no mesmo prazo, deberán achegar calquera outra documentación alegada na solicitude que lle fose requirida pola delegación provincial correspondente.

A falta de presentación en prazo da acreditación referida, da declaración responsable ou a insuficiente acreditación dos méritos alegados na solicitude suporá a perda do dereito á bolsa e procederase a adxudicala ao seguinte solicitante que figure por orde de puntuación na lista confeccionada inicialmente.

3. Utilizarase este mesmo procedemento cando durante o curso escolar se produza algunha renuncia ou baixa nas bolsas ofrecidas.

4. No caso de non haber solicitudes para determinado centro ou de que as que houber sexan valoradas negativamente, a bolsa quedará sen adxudicar.

5. Unha vez que lle sexa asignada a bolsa para a realización das prácticas nun centro determinado, deberase pór en marcha o proxecto presentado para ese centro.

Artigo 9º.-Concorrenza con outras axudas.

A achega contemplada nesta orde é compatible con outra que poida acadar o beneficiario, sempre que a suma de todas elas non supere o custo total de actividade.

Artigo 10º.-Natureza da relación entre o bolseiro e a Xunta de Galicia.

A concesión da bolsa non xera ningún tipo de vínculo laboral, administrativo nin de calquera outra orde entre a Xunta de Galicia e o adxudicatario.

Artigo 11º.-Perda da condición de bolseiro.

1. A condición de bolseiro extínguese ao rematar o curso académico na data fixada no artigo 6º desta convocatoria, así como por renuncia expresa do interesado.

Así mesmo, o incumprimento por parte do bolseiro das obrigas a que se refire esta orde, a ausencia inustificada, ou o incumprimento da disciplina do centro, a obtención da bolsa sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou a non utilización coa finalidade para que foi concedida, serán causas da perda da condición de bolseiro para todos os efectos.

2. A resolución pola que se acorde esta decisión corresponde aos delegados provinciais desta Vicepresidencia, logo da instrución do oportuno expediente, de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12º.-Reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida, e dos xuros de mora producidos desde o momento do seu pagamento, nos casos establecidos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no previsto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Para os efectos do parágrafo anterior entenderase como causa de reintegro o incumprimento dalgunha das obrigas establecidas no artigo 5º desta orde.

Artigo 13º.-Actuacións de comprobación.

As persoas que teñan a condición de bolseiro, como receptores das axudas ou subvencións, estarán sometidos ás actuacións de comprobación que acorde a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Así mesmo, quedarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control no destino das axudas.

Artigo 14º.-Alteración.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de competencias nos delegados provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ao abeiro do establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, co obxecto de resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar os gastos, dispor o crédito, ordenar os correspondentes pagamentos, e o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Segunda.-As persoas que teñan a condición de bolseiro, como receptores das axudas ou subvencións, estarán sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais; o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Terceira.-De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas se poidan impor, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Secretaría Xeral do Benestar para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2008.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
DO BENESTAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO PRAZAS DE EDUCADORES EN PRÁCTICAS PARA CENTROS DEPENDENTES DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP424A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	C.I.F./N.I.F.
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO		

CENTROS SOLICITADOS

	CENTROS SOLICITADOS	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
1º				
2º				

DATOS ACADÉMICOS

TÍTULOS QUE POSÚE:
ESTUDOS REALIZADOS DURANTE OS CURSOS 2005-2006 e 2006-2007:
CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NOS CURSOS 2005-2006 e 2006-2007:
CENTRO/S EN QUE OS REALIZOU:
CENTRO EN QUE SE EFECTÚA A MATRÍCULA:

OUTROS COÑECEMENTOS E TÍTULOS

--

RAZÓNS POLAS CALES SOLICITA A PRAZA

--

FOI EDUCADOR EN PRÁCTICAS NOUTROS CURSOS: Si Non

XURO/PROMETO: que son certos os datos consignados nesta solicitude e comprométome, se son seleccionado/a, a presentar a documentación acreditativa que sobre eles se solicite.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, así como as sancións impostas, no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 18 de xullo de 2008 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas destinadas á realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSO A QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Delegado/a provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR SEGUNDO O INDICADO NO ARTIGO 3 PUNTO 2º.

- Xustificación de ingresos da unidade familiar.
- Orixinal ou fotocopia compulsada do expediente académico.
- Proxecto sobre un obradoiro para realizar cos menores dos centros que o soliciten.
- Fotocopia compulsada da matrícula en facultades ou escolas universitarias e/ou do título que acredite os estudos realizados.
- Acreditación, se é o caso, da condición de educador en prácticas en anos anteriores dalgún centro de menores dependente na actualidade desta consellería.
- Fotocopia compulsada do documento nacional de indentidade do solicitante ou tarxeta de residencia en réxime comunitario no suposto de nacionais da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo legalmente establecidos en España.
- Certificado médico que acredite non padecer defecto físico que impida o desenvolvemento normal da actividade do centro.
- Declaración de non realizar actividades profesionais remuneradas por conta propia ou allea nin recibir bolsas equiparables ás da presente convocatoria.

ANEXO II**RELACIÓN DE CENTROS E PRAZAS DE EDUCADORES EN PRÁCTICAS**

PROVINCIA	CENTRO	LOCALIDADE	Nº PRAZAS
A Coruña	Centro Virxe do Carme	Ferrol	3
A Coruña	Colexio San José de Calasanz	A Coruña	3
A Coruña	Residencia de Estudo Soutomaio	Ferrol	4
Lugo	Centro Educativo Santo Anxo da Garda	Rábade	3
Lugo	Centro Educativo Virxe dos Ollos Grandes	Lugo	2
Ourense	Centro Educativo Montealegre	Ourense	3
Ourense	Residencia de Estudos A Carballeira	Ourense	8
Pontevedra	Centro Especial Avelino Montero	Pontevedra	4
Pontevedra	Centro de Menores de Marín	Marín	1
Pontevedra	Centro Fogar San Paio	Vigo	3
Pontevedra	Centro de Menores O Seixo	Vigo	2
Total de prazas:			36

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 9 de xullo de 2008 pola que se resolve parcialmente a concesión de material para misións de protección civil (modalidade C).

Por Orde do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2008), a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza anunciou normas que regulan o réxime axudas a concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento dos investimentos derivados da creación, a posta en funcionamento e o desenvolvemento dos servizos municipais de protección civil, así como a cesión en propiedade de vehículos e material para misións de protección civil.

Vista a proposta de resolución da comisión avaliadora, en aplicación do artigo 6º da Orde do 28 de decembro de 2007,

RESOLVO:

Primeiro.-Conceder a cesión en propiedade de material de salvamento segundo se indica a continuación (modalidade C):

Beneficiario	NIF	Tipo de material	Unidades
Concello da Pobra do Caramiñal	P1506800J	Vestuario socorrista masculino	8
		Vestuario socorrista feminino	1
Concello da Coruña	P1503000J	Vestuario socorrista masculino	25
		Vestuario socorrista feminino	10
		Xogos de bandeiras	22
		Floppys	18
Concello da Laracha	P1504200E	Vestuario socorrista masculino	5
		Vestuario socorrista feminino	3